



O SERGAS facilitounos o novo cadro de prazas para o concurso de traslados.

[Descargar novo cadro de prazas](#)

Lembramos que esta nova oferta ten que conter, polo menos, a última oferta feita polo SERGAS na reunión sobre traslados do 26 de maio e que consistía no seguinte:

100% de prazas de:

- Enfermeiras
- Auxiliares Enfermaría
- Médicos/as Familia
- Celadores/as
- Fisioterapeutas

- Matronas
- Pediatría Atención Primaria
- PSX
- TEL
- TER

Para o resto de categorías(nas que se ofertan poucas prazas, categorías pequenas) manteñen a oferta anterior feita que consiste en ofertar o número de prazas que saíu para a oposición.

Casos particulares:

- Persoal oficios: non queren baixo ningún concepto crear ningunha praza a maiores por ese motivo non ofertan máis.
- Pinches: poden ofertar o 100 x 100 coa excepción de Vigo onde baixo ningún concepto van ofertar máis que o número de ope, polas características concretas de Vigo, coa construción do novo hospital.
- Celadores Atención Primaria: Non van a ofertar ningunha praza.
- Auxiliares Administrativos: no anterior concurso viñeron 60 persoas de fora de Galicia e non están dispostos a ter que soportar ese incremento de vacantes.
- Traballadoras Sociais: Non queren ofertar o 100 x 100 porque non saben como se vai comportar a categoría por mor de que non se ofertou no anterior concurso de traslados.

Se observades que falta algunha praza, non dubidedes en poñervos en contacto con nós.